

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

ANUNCIO do 11 de xuño de 2025 polo que se somete a información pública a solicitude de concesión administrativa de ocupación de terreos de dominio público portuario do porto de Rianxo para a construción e explotación dunhas instalacións náutico-deportivas.

Logo da solicitude do Club Náutico de Rianxo, a Presidencia de Portos de Galicia acordou o día 2 de abril de 2025 admitir a trámite a solicitude de concesión administrativa de ocupación de terreos de dominio público portuario do porto de Rianxo para a construción e explotación dunhas instalacións náutico-deportivas.

Cumprido o trámite de competencia de proxectos e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, faise público, para que as persoas e entidades interesadas poidan presentar por escrito as alegacións que consideren oportunas na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/portada>, empregando o procedemento xenérico PR004A, ou nun rexistro habilitado para o efecto, no prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

A documentación está á disposición na ruta web www.portosdegalicia.gal>Comunicacións e avisos>Procesos de información pública

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2025

José Antonio Álvarez Vidal
Presidente de Portos de Galicia

CVE-DOG: uolvnv4-imd5-px00-flc5-51egweysduk3

